

ROSQUILLAS DE ANÍS

Para facer 50 unidades, para unhas 10 persoas.

Ingredientes:

- 4 ovos.
- 14 culleradas de azucre.
- 6 culleradas de anís.
- 10 culleradas de aceite.
- 2 culleradas de "Royal".
- Un pouco de fariña, para facer unha bola espesa.



Modo de preparación:

- Primeiro bater o azucre e os ovos, e logo engadir o resto.
- Despois amasar, facer as rosquillas. Primeiro facer bolas pequenas e despois facerlles un burato no medio.
- Fritir as rosquillas xa feitas na tixola.
- Por último espolvorear con azucre glass.

XOEL MARTÍNEZ POUSADA